

ESTATUTOS DO “CLÚSTER DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR DE GALICIA”

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Constitución e denominación

Constitúese unha Asociación con personalidade xurídica distinta da súa masa social, con plena capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, de conformidade co artigo 22 da Constitución Española, co disposto na Lei Orgánica 1/2022, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e co artigo 54 do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, relativo á creación dos clústeres empresariais galegos, así como, co resto de lexislación vixente de Asociacións que lle sexa aplicable.

A Asociación terá a denominación de “Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia” (en adiante, “o Clúster”).

Artigo 2. Réxime xurídico

O Clúster rexerese polas normas contidas nos seus Estatutos, polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno e, subsidiariamente, polas disposicións legais en vigor que sexan de aplicación, como o mencionado Decreto Lexislativo 1/2015 e a Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia.

Artigo 3. Domicilio

O domicilio do Clúster radica na Rúa Cantón Pequeno, 13-4º, A Coruña.

Artigo 4. Ámbito de actuación e duración

O Clúster desenvolverá principalmente as súas funcións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante, para o cumprimento dos seus fins, será posible o desenvolvemento das súas actividades noutros ámbitos territoriais.

O Clúster constitúese por tempo indefinido, podendo disolverse unicamente polas causas e formalidades establecidas nos Estatutos, así como nos supostos recollidos no artigo 39 do Código Civil, ou por sentenza xudicial firme.



Artigo 5. Rexistro

O Clúster está rexistrado no Rexistro de Clústeres Empresariais Galegos da consellería competente en materia de industria, de conformidade co disposto no artigo 55 do mencionado Decreto Lexislativo 1/2015. Ademais, está inscrito no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6. Obxecto e fins

A misión principal do Clúster é a agrupación e colaboración de empresas, entidades e centros de investigación galegos vinculados co sector do deporte e o benestar.

A constitución desta Asociación, para a activación, desenvolvemento e potenciación deste sector en Galicia, ten por finalidade:

- a) Desenvolver proxectos que contribúan á creación e difusión do coñecemento para favorecer o incremento da actividade das empresas.
- b) Proporcionar recursos, capacidades, competencias, medios, formación, asesoramento, etc., ao amplo e incipiente sector de empresas relacionado co ámbito deportivo.
- c) Mellorar a cualificación técnica e empresarial das persoas, o talento e a creatividade a través da captación de recursos humanos.
- d) Impulsar e promover medidas de aforro e eficiencia enerxética nas instalacións destinadas ao desenvolvemento destas actividades, a través da implantación das plataformas tecnolóxicas convenientes, posta a punto de instalacións e mantemento eficiente das mesmas, renovación tecnolóxica de infraestruturas, subministro e xestión enerxética, etc.

Neste sentido, o consumo eficiente de enerxía e a sostibilidade son pilares fundamentais para o sector industrial. É un dos principais retos dunha sociedade do benestar globalizada, polo que resulta fundamental a consecución de novos modelos enerxéticos máis eficientes.

- e) Estimular a calidade das empresas e entidades asociadas e impulsar a implantación de sistemas de calidade no sector, incidindo nos campos enerxético, medioambiental, tecnolóxico e de transformación dixital.
- f) Desenvolver proxectos que contribúan ao fomento, difusión e aplicación das directrices da Unión Europea, á colaboración e á transferencia de coñecemento entre o mundo da investigación e a industria do deporte.
- g) Impulsar a internacionalización do sector, co fin de acceder a novos sectores e mercados xeográficos e apoiar a implantación de empresas galegas relacionadas coa actividade deportiva no exterior, fomentando a celebración de acordos de colaboración entre empresas galegas estranxeiras e con distintas Asociacións internacionais.
- h) Protexer, consolidar e incrementar os miles de postos de traballo, principalmente de xente moza na nosa comunidade relacionados co deporte, a saúde, o benestar e o coñecemento, estimulando e favorecendo o emprendemento empresarial neste sector.



- i) Propoñer, impulsar e fomentar a aprobación de plans, programas e proxectos relacionados co deporte, a saúde e o benestar, aproveitando os programas comunitarios de axuda para fomentar a cooperación transnacional. Desenvolver actuacións para evitar deslocalizacións empresariais que podan afectar a este sector.
- j) Potenciar a avinza de todas as políticas nacionais e comunitarias co fin primordial de apoiar a investigación e a innovación, impulsando e difundindo a aplicación dos mecanismos necesarios para fomentar a innovación e desenvolvemento tecnolóxico a través da cooperación e a investigación conxunta.
- k) Consolidar as relacións existentes e crear novos vínculos entre os diferentes actores, prosperando na xestión profesional das empresas e entidades.
- l) Colaborar con entidades públicas e privadas no desenvolvemento de instrumentos de financiación para a masa social do Clúster e promover tales instrumentos financeiros co fin de apoiar ás empresas que teñan como obxectivo a súa internacionalización. Fomentar a captación de inversións procedentes do exterior e, polo tanto, mellorar a situación financeira do sector.
- m) Recuperar, activar, impulsar, desenvolver e incrementar a actividade física e os hábitos saudables da poboación da nosa comunidade, con especial incidencia na poboación infantil e adolescente, na terceira idade e nos grupos con necesidade de inclusión social.

O Clúster ten por finalidade, ademais, o establecemento dun canal de comunicación constante para transmitir ás administracións públicas os problemas que afectan ao sector deportivo da Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo que, por parte dos poderes públicos, se produza unha asignación eficiente dos recursos públicos deste sector.

Artigo 7. Composición

O Clúster inclúe moitos e variados actores relacionados cunha mesma actividade, neste caso do deporte e o benestar, onde os axentes se relacionan entre si, formando unha rede empresarial e asociativa dinámica e flexible.

As empresas, entidades e institucións que teñen cabida nesta Asociación son aquelas relacionadas co sector do deporte e do benestar na súa máis ampla concepción, tendo en conta toda a cadea de valor. Deste xeito, exemplo da masa social do Clúster son as empresas privadas vinculadas á xestión deportiva (xestión de instalacións, organización de eventos, formación, prestación de servizos), á innovación e tecnoloxía deportiva, á fabricación e/ou venda de artigos deportivos e á construción, deseño e/ou mantemento de instalacións deportivas. Asemade, tamén forman parte da masa social do Clúster entidades deportivas como clubs e federacións; outras entidades sociais relacionadas co sector e institucións académicas como universidades, vinculadas a través dun convenio de colaboración.



Artigo 8. Responsabilidade do Clúster

O Clúster, unha vez inscrito no Rexistro correspondente, responderá ante as súas obrigas con todos os seus bens presentes e futuros.

A masa social non responde persoalmente das débedas da Asociación.

TÍTULO II. A MASA SOCIAL

Artigo 9. Condición de entidade asociada

Poderán ser integrantes do Clúster todas aquelas persoas físicas e xurídicas, empresas e entidades públicas e privadas, tras o acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa Asociación e que actúen no ámbito do deporte, no seu sentido amplo, tendo actividades, coñecementos ou experiencias ligadas a este sector, así como que teñan dispoñibilidade para acudir ás reunións da Asociación e interese no desenvolvemento dos fins da mesma.

Terán consideración de entidades asociadas honorarias aquelas que, voluntariamente, coadxuven de forma substancial ao desenvolvemento dos fins do Clúster.

Artigo 10. Procedemento para a incorporación

Toda entidade que desexe obter a condición de asociada deberá dirixirse á páxina web do Clúster e enviar cuberto o formulario de prescrición, no que se solicitan datos identificativos e de contacto básicos. Unha vez avaliada e aprobada a solicitude pola Xunta Directiva na primeira reunión convocada despois desta, a entidade interesada debe cubrir un formulario de inscrición con datos ampliados, no que traslade ademais información da facturación e do número de persoas empregadas, entre outras. A condición de asociada darase unha vez realice este trámite e aboe a cota social correspondente.

A admisión ou denegación da solicitude corresponderá á Xunta Directiva. É necesario que a denegación sexa motivada e deberá contar con 3/5 dos votos da Xunta Directiva.

No caso de que a solicitude de ingreso fose denegada, a entidade interesada poderá recorrer dita decisión no prazo de dez días naturais, alegando o que estime conveniente ante a Xunta Directiva, que deberá adoptar unha resolución na primeira reunión que se convoque despois da presentación do recurso.

Artigo 11. Baixa da masa social



A condición de entidade asociada pérdese por algunha das seguintes causas:

- a) Baixa voluntaria comunicada por escrito á Asociación.
- b) Incumprimento substancial das súas obrigas ou realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses do Clúster, despois de tramitar o correspondente expediente con audiencia da entidade interesada.
- c) Extinción da persoa xurídica que ostente a condición de asociada.
- d) Incumprimento dalgún dos requisitos esixibles para a súa admisión, ou dalgunha das obrigas recollidas nos presentes Estatutos.

No caso de que a condición de entidade asociada se perdese voluntariamente, se posteriormente se solicita o reingreso, a entidade candidata deberá de cumprir co proceso de ingreso previsto nos presentes Estatutos.

Artigo 12. Dereitos da masa social

Os dereitos da masa social son os seguintes:

- a) Participar nas actividades do Clúster e nos órganos de goberno e de representación, así como asistir ás reunións da Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos, exercitando libremente o acceso ao voto.
- b) Elixir e ser elixido/a como integrante da Xunta Directiva.
- c) Ter información da composición dos órganos de goberno e de representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento das actuacións e evolución da mesma.
- d) Ter voz con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra a entidade e ter información dos feitos que dean lugar a ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- e) Impugnar os acordos dos órganos de goberno da Asociación que estime contrarios aos Estatutos ou ao ordenamento xurídico, ou prexudiciais para os seus intereses, así como, expoñer á Xunta Directiva cantas queixas, suxerencias ou peticións considere oportunas para o bo funcionamento do Clúster.

Artigo 13. Obrigas da masa social

Son obrigas da masa social:

- a) Compartir as finalidades do Clúster e colaborar activamente para o cumprimento dos seus fins e para o bo funcionamento.
- b) Acatar as disposicións estatutarias e cantas normas diten, así como cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e de representación da Asociación.
- c) Asistir ás Asembleas Xerais do Clúster, participar na elección de representantes e dirixentes, e desempeñar os cargos para os que se escolleron.



- d) Satisfacer as cotas acordadas e as derramas extraordinarias, ou calquera outra aportación que sexa acordada no cumprimento do establecido nos presentes Estatutos ou nos acordos adoptados validamente pola Asemblea Xeral.

TÍTULO III. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14. Órganos da Asociación

Os órganos de goberno e representación do Clúster son a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, a Xerencia, se fose necesario.

Poderá constituírse unha Xunta Consultiva, formada por entidades de relevancia para o sector, previa aprobación pola Xunta Directiva, quen establecerá os criterios de admisión na mesma e o seu funcionamento.

Artigo 15. A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da vontade do Clúster e está composto por todas as entidades asociadas ao mesmo.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a metade máis unha das entidades asociadas con dereito a voto. De non acadarse o quórum necesario, as decisións tomaranse en segunda convocatoria estando polo menos presentes as persoas titulares da Presidencia e da Secretaria, e calquera número de entidades asociadas con dereito a voto.

A Asemblea Xeral reunirase, convocada pola Presidencia, con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten, polo menos, a décima parte da masa social. Neste caso, a solicitude realizarase por escrito dirixido á Presidencia, autorizado coas sinaturas das entidades solicitantes, no que se expoñerá o motivo da convocatoria e a orde do día.

As convocatorias das Asembleas faranse por escrito a través de correo electrónico ou outro medio virtual, e nelas figurará o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. As convocatorias serán enviadas cunha antelación mínima de, polo menos, quince días naturais.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos emitidos, cando os votos afirmativos sexan superiores aos negativos. As decisións teñen carácter vinculante para toda a masa social, con inclusión das ausencias e disidencias.

Corresponden á Asemblea Xeral Ordinaria as seguintes funcións:



- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva e o plan de actividades, así como coñecer a actuación da Xunta Directiva en relación coas función encomendadas nos Estatutos.
- b) Acordar ou modificar as cotas sociais anuais.
- c) Examinar e aprobar os orzamentos anuais.
- d) Aprobar a federación con outras Asociacións.
- e) Ratificar a admisión e expulsión das entidades asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno.
- h) Ratificar o nomeamento de cargos da Xunta Directiva vacantes.
- i) Todas as non conferidas expresamente á Xunta Directiva ou á Asemblea Xeral Extraordinaria.

Corresponden á Asemblea Xeral Extraordinaria as seguintes funcións:

- a) Aprobar as posibles derramas extraordinarias que deba asumir a Asociación.
- b) Modificar os Estatutos da Asociación.
- c) Elixir e cesar a integrantes da Xunta Directiva.
- d) Autorizar o alleamento dos bens sociais ou a constitución de gravames sobre os mesmos.
- e) Acordar a disolución da Asociación e designar o nomeamento das persoas liquidadoras.
- f) Aqueles asuntos que, pola súa natureza ou importancia, deban ser sometidos á consideración da Asemblea Xeral Extraordinaria.

A Xunta Directiva poderá, cando así o decida, realizar convocatorias de Asembleas Xerais para ser celebradas de forma presencial, exclusivamente telemática ou de forma híbrida (con posibilidade de asistir fisicamente ou de forma telemática).

Para a celebración da Asemblea exclusivamente telemática ou da asistencia en forma telemática a unha Asemblea presencial, deberán estar en todo caso garantidas a identidade e lexitimación das entidades asociadas e das súas persoas representantes, e a participación de toda a masa social na reunión mediante medios de comunicación a distancia apropiados, como audio ou vídeo, complementados coa posibilidade de enviar mensaxes escritos durante o transcurso da Asemblea, tanto para exercitar en tempo real os dereitos de palabra, información proposta e voto que lles correspondan, como para seguir as intervencións das demais persoas asistentes polos medios indicados.

O anuncio da convocatoria informará dos trámites e procedementos que deberán seguirse para o rexistro e formación da lista de asistentes, para o exercicio por estes dos seus dereitos.



Artigo 16. A Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, a xestión e a representación do Clúster e está formada polas persoas que ostenten a Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e as vogalías determinadas pola Asemblea.

Os cargos da Xunta Directiva son elixidos pola Asemblea Xeral segundo o disposto no Título V dos presentes Estatutos. Os cargos están desempeñados de forma gratuíta por persoas que carezan de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo polo Clúster. Estas persoas son representantes de entidades asociadas. Unha mesma persoa pode desempeñar dous cargos, sempre que estes non sexan a Presidencia e a Secretaría.

A primeira Xunta Directiva terá unha duración dun ano e, a partir do segundo ano de constitución da Asociación, a súa duración será por un período de tres anos, coa posibilidade de que as persoas que a integren podan ser reelixidas por unha soa vez, isto é, podéndose exercer dito cargo ata un máximo de dous mandatos.

Corresponde á Xunta Directiva:

- a) Deliberar e acordar sobre as cuestións fundamentais do Clúster, segundo as directivas da Asemblea, así como programar e dirixir as actividades asociativas.
- b) Levar a xestión administrativa e económica da Asociación e formular as contas anuais.
- c) Ostentar a representación da Asociación e obrigar á mesma dentro do ámbito das súas competencias, ante toda clase de órganos públicos e privados.
- d) Propoñer as cotas que han de satisfacer as entidades asociadas a partir do segundo ano de vixencia do Clúster.
- e) Resolver sobre a admisión de novas entidades asociadas e propoñer a exclusión das mesmas.
- f) Constituír a Xunta Consultiva e establecer os criterios de admisión e o funcionamento da mesma.
- g) Levar a cabo o proceso de selección e contratación da persoa que desempeña o cargo de Xerente, e doutros postos profesionais dentro do organigrama do Clúster, de ser o caso.
- h) Propoñer a modificación dos Estatutos da Asociación e convocar a oportuna Asemblea Xeral.
- i) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan no seno do Clúster.
- j) Adoptar os acordos convenientes e realizar aquelas funcións que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano co fin de aplicar os medios cos que se conta á consecución dos obxectivos da mesma.

A Xunta Directiva deberá reunirse polo menos catro veces ao ano, así como cando o solicite, polo menos, unha terceira parte da masa social. Será convocada pola persoa que ostente a Presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera das persoas que a compoñen.



Os acordos da Xunta Directiva serán adoptados pola maioría dos votos das persoas asistentes, sendo necesaria, polo menos, a concorrencia de metade máis unha das persoas integrantes e, en todo caso, da persoa titular da Presidencia ou Vicepresidencia e da persoa titular da Secretaría Xeral, ou quen substitúa a esta última.

En caso de ausencia por enfermidade, renuncia ou cese dalgún cargo da Xunta Directiva, a persoa que ostenta a Presidencia poderá definir a substitución provisional no exercicio das súas responsabilidades e funcións por outra entidade asociada, o que deberá ratificarse na seguinte Asemblea Xeral. A substitución da Presidencia corresponderalle á Vicepresidencia, ou a calquera outra persoa da Xunta Directiva na que se delegue.

As persoas que forman a Xunta Directiva cesarán nos supostos seguintes:

- a) Por esgotar o período do seu mandato.
- b) Por renuncia expresa.
- c) Por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 17. A Presidencia e a Vicepresidencia

As atribucións da Presidencia son as seguintes:

- a) Representar legalmente ao Clúster ante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva, presidir as sesións da Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, e decidir co voto de calidade, en caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados e outros documentos da Asociación, xunto coa persoa que ostente a Secretaría ou a persoa integrante da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento que se trate.
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou, no desenvolvemento das súas actividades, resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva, e á Asemblea Xeral, de ser o caso.

A Presidencia será asistida nas súas funcións por unha Vicepresidencia, e a persoa titular desta última substituirá á primeira nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, e realizará cantas funcións delegue nela expresamente a persoa que ostente a Presidencia.

Artigo 18. A Secretaría Xeral

A Secretaría Xeral formaliza as convocatorias de reunión por orde da Presidencia, expide certificacións dos acordos e emite informes, e redacta e levanta a acta das sesións celebradas pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva. Tamén leva e custodia os libros e documentos da



Asociación, vixía que os acordos adoptados sexan executados debidamente, eleva a público os acordos sociais, e calquera outra facultade que explícita ou implicitamente se desprenda destes Estatutos ou para a que fóra autorizada ou delegada pola Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral. En ausencia da persoa que ostente este cargo, ocupará a súa función quen designe a Xunta Directiva.

Artigo 19. A Tesouraría

A Tesouraría recada e custodia os fondos pertencentes á Asociación e realiza labores relacionadas coa súa xestión económica e financeira. En ausencia da persoa que ostente este cargo, ocupará a súa función quen designe a Xunta Directiva.

Artigo 20. As Vogalías

As persoas titulares dalgunha vogalía terán as atribucións propias do seu cargo na Xunta Directiva.

Artigo 21. A Xerencia

A Xunta Directiva poderá designar unha persoa que ocupe a Xerencia. Para ocupar este cargo, que será remunerado, non será necesario ter a condición de membro do Clúster.

A persoa que ostente a Xerencia deberá encargarse da xestión ordinaria e diaria das actividades da Asociación, incluíndo as materias administrativas, financeiras e de xestión do persoal, baixo as directrices da Xunta Directiva, que deberá delegarlle as facultades e outorgarlle os poderes que sexan oportunos.

As funcións da Xerencia serán desempeñadas de conformidade co disposto nos presentes Estatutos.

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 22. Faltas

Poderán ser consideradas faltas os seguintes comportamentos ou actitudes adoptados pola masa social no seno do Clúster:



- a) Incumprir as obrigas, normas ou prohibicións incluídas neste Regulamento ou nos Estatutos, así como os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, ou incitar a outras persoas a facelo.
- b) Incumprir a obriga de gardar segredo das deliberacións cando así se determine ou desvelar publicamente acordos e deliberacións confidenciais nas que se participe.
- c) Incumprir co abono da cota ou pago dalgunha actividade ou servizo.
- d) Incumprir as labores e responsabilidades encomendadas a cada entidade asociada, propias do cargo que se desempeñe.
- e) Danar intencionadamente o prestixio e o bo nome do Clúster.
- f) Actuar de forma prexudicial para unha entidade asociada ou para os intereses da Asociación, así como perturbar o bo funcionamento da mesma ocultando intencionadamente ou falseando información relevante, ou entorpecendo o desenvolvemento das súas actividades.
- g) Valerse do nome do Clúster sen a autorización do mesmo ou realizar condutas das que se deriven prexuízos para a imaxe ou para os intereses da Asociación.
- h) Incumprir unha sanción imposta dentro do prazo de trinta días desde a súa notificación.
- i) Proferir agresións verbais a outras persoas que formen parte da masa social ou ao persoal do Clúster, atentando contra a súa persoa e dignidade.
- j) Contraer débedas ou compromisos no nome da Asociación sen o correspondente permiso.

Artigo 23. Sancións

Con respecto ás faltas enumeradas no artigo anterior, a Xunta Directiva valorará a gravidade das mesmas, a posible intencionalidade, así como as consecuencias e a repercusión sobre o Clúster e sobre a imaxe do mesmo, acordando a sanción que considere oportuna, podendo consistir nalgunha das seguintes:

- a) Amoestación verbal ou escrita.
- b) Sanción pecuniaria.
- c) Suspensión temporal da condición de entidade asociada.
- d) Expulsión e baixa da Asociación.

As sancións que se podan impoñer no ámbito do Clúster enténdense sen prexuízo das accións civís e penais que puideran corresponder atendendo ao caso en concreto.

Artigo 24. Comité Disciplinario

A facultade de valorar e sancionar as faltas corresponde á Xunta Directiva, que actuará como Comité Disciplinario.



A decisión de sanción que implique a expulsión e baixa da Asociación requirirá ser aprobada, polo menos, por 3/5 das persoas que integran a Xunta Directiva.

Artigo 25. Procedemento sancionador

O procedemento sancionador respectará os principios de legalidade e tipicidade normativa de acordo ao contido destes Estatutos, o de retroactividade unicamente das normas favorables e os de proporcionalidade e presunción de inocencia.

Iniciarase de oficio ou por denuncia dalgunha entidade asociada mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, con indicación dos feitos obxecto da denuncia.

Darase traslado dos feitos á presunta entidade infractora, facendo constar a posible cualificación da falta cometida. No escrito que se lle entregue tamén se indicarán os feitos, as causas ou as probas da súa implicación, a cualificación previa da falta xunto coas súas posibles sancións e o prazo para que ditas sancións se apliquen.

Darase á entidade asociada un prazo de cinco días para que realice alegacións e, transcorrido dito prazo, resolverase o expediente pola Xunta Directiva.

Durante o prazo de cumprimento da sanción, a separación e perda da condición de entidade asociada será temporal e requirirá a ratificación da Asemblea Xeral. Ata esa ratificación, a entidade asociada estará exenta das súas obrigas e dereitos no Clúster. Sen embargo, a perda da condición de entidade asociada, tanto temporal como definitivamente, non eximirá a esta do pago das cotas pendentes.

Artigo 26. Prescrición

O prazo de prescrición das faltas será de sesenta días de ter sido cometidas e/ou coñecidas, dependendo da gravidade e da cualificación e consideración efectuada polo Comité Disciplinario.

A prescrición interromperase coa iniciación e/ou apertura do correspondente expediente disciplinario.

TÍTULO V. RÉXIME ELECTORAL

Artigo 27. Disposicións xerais e elixibilidade

As eleccións das persoas que integran a Xunta Directiva celebraranse cada tres anos mediante sufraxio libre, directo e secreto, a través do sistema de candidaturas pechadas.



Poderá presentar a súa candidatura a integrante da Xunta Directiva calquera persoa que represente a unha entidade asociada de pleno dereito do Clúster, que estea ao corrente de pago das súas cotas e do resto de obrigas establecidas polos seus órganos reitores e polos Estatutos.

A data de convocatoria das eleccións considerarase, a todos os efectos, como a data de inicio do período electoral, que se estenderá ata a data de toma de posesión da nova Xunta Directiva que resulte das eleccións convocadas.

As entidades asociadas que teñan pendentes de pago cotas con importe superior á suma de dúas cotas ordinarias vixentes no momento da celebración das eleccións terán suspendido o dereito de voto.

A Xunta Directiva, se así o considera oportuno, poderá levar a cabo o proceso electoral de forma telemática, presencial ou mixta (presencial e telemática). Para levar a cabo este procedemento deberá empregarse unha ferramenta que garanta o total cumprimento do exposto nestes Estatutos, garantindo a identidade das persoas electoras e a lexitimidade dos votos emitidos.

Artigo 28. Comité Electoral

O Comité Electoral nomearase en cada proceso electoral entre as entidades asociadas, e será o órgano competente para a organización do proceso electoral. Este Comité estará formado por tres representantes de entidades asociadas.

A persoa que ostenta a Presidencia do Comité Electoral, elixida e nomeada pola Xunta Directiva, será a encargada de elixir libremente ás restantes persoas que integren o citado Comité entre a masa social en situación de alta á data de convocatoria das eleccións.

Son competencias do Comité Electoral as seguintes:

- a) Adoptar acordos por maioría mediante votación das persoas que o integran. Os acordos son executivos.
- b) Supervisar o censo de entidades electoras, coa colaboración da Xunta Directiva.
- c) Aprobar as candidaturas presentadas ou, no seu caso, proclamar a candidatura única.
- d) Declarar o tempo de duración do período electoral e da xornada electoral, presidir a votación, conservar a orde durante a mesma, comprobar a identidade das persoas que representan ás entidades votantes, realizar o escrutinio e velar pola transparencia do sufraxio.
- e) Resolver calquera reclamación relativa ao desenvolvemento da votación e escrutinio, recollendo na acta as razóns que a motivaron, así como as decisións adoptadas.
- f) Redactar a acta correspondente, na que se recollerá o número de entidades electoras, presentes ou representadas, os votos válidos emitidos, os votos nulos, os resultados da votación e as incidencias e reclamacións que se re produzan como consecuencia da mesma. A acta será asinada por todas as persoas que forman o Comité Electoral.



- g) Garantir a protección dos datos persoais da masa social, de conformidade co disposto na lei.

Unha vez finalice o proceso, disolverase o Comité Electoral.

Artigo 29. Procedemento

A persoa que ostenta a Presidencia ten a obriga de convocar eleccións ao final de cada mandato para renovar a totalidade da composición da Xunta Directiva, e se non se presenta ningunha candidatura quedarán reelixidos os cargos en cuestión por un mandato máis, ata un máximo de dous.

O proceso de elección tense que realizar de acordo co seguinte procedemento:

- a) Convocar as eleccións por acordo da Xunta Directiva.
- b) Elaborar o censo electoral, que conterá a relación das persoas físicas e xurídicas, así como das persoas que as representan, que reúnen os requisitos para ser electoras e elixibles, isto é, entidades asociadas en situación de alta que reúnan os requisitos previstos nos presentes Estatutos.
- c) Vinte días antes da celebración das eleccións pecharase o prazo para a presentación de candidaturas.
- d) Cun mínimo de dez días de antelación á data da votación, comunicarse á masa social as candidaturas presentadas e admitidas ao proceso electoral.
- e) No día e hora fixados celebrarase a votación en Asemblea Xeral Extraordinaria, debidamente convocada segundo o disposto nestes Estatutos, que só poderá sen interrompida ou non iniciarse se concorre algún suposto de forza maior.
- f) As papeletas depositaranse nunha furna transparente e pechada. O voto será segredo e o período de votación na xornada electoral para a elección dos cargos será fixado pola persoa titular da Presidencia do Comité Electoral, e terá unha duración mínima de seis horas ininterrompidas.
- g) A candidatura gañadora será a que obteña maioría simple de votos.
- h) No caso de que exista só unha candidatura, procederase á súa proclamación.

A persoa que ocupe a Presidencia do Comité Electoral ostentará a máxima autoridade e poder de decisión durante todo o proceso electoral e terá voto de calidade en calquera votación interna que puidera producirse. Tamén resolverá calquera incidencia ou controversia que poda xurdir durante todo o proceso electoral.



TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 30. Patrimonio

O Clúster no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 4.000 euros.

O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O orzamento deberá de ser aprobado pola Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias.

Anualmente elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria posta a disposición da masa social.

Ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso os recursos obtidos polo Clúster poderán ser distribuídos entre a masa social.

Artigo 31. Recursos económicos

A Asociación manterase cos seguintes recursos:

- a) O patrimonio inicial aportado polos socios fundadores.
- b) As cotas sociais, xa sexan periódicas ou as extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns, legados, axudas, subvencións ou calquera outra aportación que podan conceder as administracións públicas, entidades privadas e públicas ou particulares.
- d) Os ingresos que podan obter no desenvolvemento das actividades do Clúster.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 32. Inscripción inicial – Cotas

Toda entidade asociada deberá aboar unha cantidade inicial en concepto de inscrición e as cotas periódicas que se aproben.

O importe a pagar, en concepto de inscrición, durante o primeiro ano de constitución do Clúster será de 2.500 euros para entidades asociadas honorarias e de 300 euros para o resto de entidades asociadas.

O importe das cotas e dos dereitos de inscrición das entidades asociadas honorarias e do resto de entidades asociadas correspondente aos períodos anuais seguintes ao de constitución, así



como a forma de pago dos mesmos, será aprobado pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

Artigo 33. Axudas económicas

O Clúster poderá beneficiarse da concesión de axudas destinadas a clústeres empresariais galegos recoñecida no artigo 57 do Decreto Lexislativo 1/2015. Tamén pode concorrer ás axudas públicas e privadas que determine a Xunta Directiva, sempre que se cumpran os requisitos como entidade beneficiaria e que estas contribúan aos fins e obxectivos do Clúster.

TÍTULO VII. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 34. Modificación dos Estatutos

A modificación dos Estatutos será proposta por iniciativa da persoa titular da Presidencia ou da Xunta Directiva, ben directamente ou a petición dun terzo da composición da Asemblea Xeral, procedendo ao seu traslado a este órgano para a súa aprobación.

Artigo 35. Disolución

A Asociación poderase disolver:

- a) Voluntariamente, por acordo da masa social adoptado polas dúas terceiras partes da asistencia a unha Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.
- b) Cando sexa imposible a realización do obxecto social ou o cumprimento dos fins do Clúster.
- c) Por fusión ou absorción con outra Asociación.
- d) Cando concorra calquera casa establecida na lexislación vixente ou no artigo 39 do Código Civil.
- e) Por sentenza xudicial firme.

Artigo 36. Liquidación

Unha vez acordada a disolución da Asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.



As persoas que integren a Xunta Directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo que as designe expresamente a Asemblea Xeral ou o xulgado que, no seu caso, acorde a disolución.

As persoas liquidadoras terán as seguintes funcións:

- a) Velar pola integridade do patrimonio do Clúster.
- b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- c) Cobrar os créditos da Asociación.
- d) Liquidar o patrimonio e pagar ás entidades acreedoras.
- e) Aplicar os bens sobrantes da Asociación aos fins previstos polos Estatutos.
- f) Solicitar a cancelación dos asentos no Rexistro.

Unha vez efectuada a liquidación e extinguidas as débedas, o haber resultante destinarase a fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa ou se doará a outra Asociación non lucrativa inscrita na Comunidade Autónoma que teña iguais ou similares fins que os deste Clúster.

TÍTULO VIII. GRUPOS DE TRABAJO

Artigo 37. Funcionalidade dos grupos de traballo

A Xunta Directiva poderá crear grupos de traballo ou comisións para estudar e realizar propostas sobre algún aspecto concreto de interese para o Clúster. Os propios grupos, de acordo coa súa composición e obxectivos, definirán a forma máis adecuada de organizarse internamente para acadar os fins propostos.

Estes grupos de traballo deberán estar compostos por un número razoable de entidades asociadas (entre 3 e 7) propostas polas persoas que integran a Xunta Directiva. Preténdese coa súa creación fomentar o traballo de xeito dinámico e positivo dos diferentes ámbitos da Asociación para que podan aportar valoracións e visións das diferentes áreas da mesma.

No momento da creación, designarase unha persoa responsable dos mesmos, que poderá ser substituída en calquera momento durante a existencia do grupo de traballo.

Terán carácter sectorial ou transversal, creándose para o estudo e informe dun tema ou asunto concreto, polo que, ao finalizar o seu ditame, o grupo será disolvido.

Unha vez constituído o grupo de traballo, este dirixirá o traballo, debendo emitir unha proposta que posteriormente se someterá á aprobación da Xunta Directiva do Clúster.



Dilixencia final:

O establecido nestes Estatutos entrará en vigor no mesmo momento en que sexan cumpridos todos os trámites legais para a súa aprobación.

D. Jose Manuel Amado Abelenda, en nome e representación da mercantil Motivos Singulares, S.L.U., titular da Presidencia, e D. Pablo Tenreiro Varela, en nome e representación de FCC Aqualia S.A., titular da Secretaría da Asociación “Clúster da Industria do deporte e benestar de Galicia”, fan constar que os presentes Estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada en data 26 de abril de 2024, de acordo cos requisitos establecidos na Lei Orgánica 1/2022, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus Estatutos.

Na Coruña, na data da última sinatura dixital.

Asdo.: D. Pablo Tenreiro Varela
FCC Aqualia S.A.
Secretario

Asdo.: D. José Manuel Amado Abelenda
Motivos Singulares, S.L.U
Presidente